

Jaureguizar gaña o García Barros de novela cunha parodia das novelas de espionaxe

O escritor e xornalista lugués [Santiago Jaureguizar](#) foi o gañador da edición 2005 do premio de novela García Barros, segundo o fallo que se deu a coñecer na Estrada. O título da obra é '*Cabaret Voltaire*', e podedes ver xa unha [sinopse](#) no [blog do autor](#). '*Cabaret Voltaire*' é unha parodia das novelas de espionaxe onde, segundo o xurado, "se reflexiona sobre a identidade, tanto a súa procura coma os conflitos que xera ao chocar con outras e as súas consecuencias violentas". '*Cabaret Voltaire*' sitúa un espía ruso amnésico no Ribadeo dos anos 30, encargado de evitar que os nacos envíen para Berlín unha valiosa peza castrexa. Jaureguizar, colaborador de Vieiros e autor de [Familia Feliz](#), foi [gañador](#) en 2003 do premio Xerais, por [Casa Skylab](#). '*Cabaret Voltaire*' será publicado por Galaxia, copromotora do premio a canda o Concello da Estrada.

- 13:18 07/06/2005